

ACTIVIDADE

MELLOR PREVIR QUE CURAR: PROTEXAMOS A PAZ

Conceptos clave

- Interdependencia
- Imaxes e percepcións
- Xustiza social
- Conflitos e resolución
- Cambio e futuro

Obxectivos

- Fomentar a creatividade e contribuír a desenvolver a capacidade de expresión plástica.
- Desenvolver unha actitude de compromiso coa convivencia pacífica.
- Sensibilizar sobre a importancia da prevención da violencia.
- Celebrar o Día Escolar da Non-violencia e a Paz (30 de xaneiro).

Avaliación

- Grao de reflexión e de implicación persoal.
- Creatividade na busca de solucións.

Materiais necesarios

- Anexo 1: Modelo. Unha aldea feliz.

Recursos

- Vídeo: *Qué bueno*. The Kids Band.

30 XANEIRO
Día Escolar
da Non-violencia
e a Paz

1. Introducción

A través da expresión plástica achegámonos á reflexión sobre a violencia, a necesidade de previla e as consecuencias, ás veces irreparables, dos conflitos armados.

2. Unha aldea feliz

Coloreamos o modelo e invitamos ao noso alumnado a completala debuxando aquelas cousas que farían máis próspera e harmónica a aldea: persoas traballando, animais, flores, cultivos...

3. Chega a guerra

Agora pedímoslles que representen a chegada da guerra á aldea. Haberá nenos que non desexen ensuciar o seu debuxo, neste momento convén insistirlles en que dean renda solta á destrución: incendios, derrubamentos, colleitas arrasadas, animais roubados ou mortos, vítimas entre a poboación... Pódese ambientar a chegada da guerra con música alegórica (por exemplo, con protagonismo da percusión e o metal, como a *Cabalgata das Valkirias* de Wagner ou a *Marcha Imperial* da B.S.O. da *Guerra das Galaxias*).



4. Como continuar?

Agora pedímoslles que solucionen os problemas que a guerra causou, é hora de reforzar a aqueles que resistiron á presión de grupo intentando protexer o seu debuxo da destrución. Poden debuxar enriba, borrar ou transformar o debuxo para tratar de eliminar a pegada do conflito violento.

5. Reflexión final

- Hai algúns problemas que causou a violencia que non teñen solución?
- Cres que o que pasou na vosa aldea acontece no mundo?
- Nun principio non queríades destruír o voso debuxo. Que vos convenceu?
- Que diferenza hai entre actuar antes ou despois da violencia?
- Que podemos facer respecto aos conflitos que nos afectan persoalmente? Podemos previlos?
- Existe algunha razón que xustifique dar renda solta á violencia para solucionar un conflito? Por que?

6. Marcha pacífica

A orixe do Día Escolar da Non Violencia e a Paz é o recordo á acción pacífica de Ghandi en defensa das súas ideas. Por iso, podemos propoñer aos alumnos e alumnas que participen nunha marcha pacífica para reivindicar a non violencia como forma de resolución de conflitos.

Algunhas das reflexións da actividade pódennos servir como base para xerar lemas de paz e non violencia que podemos expoñer xunto aos debuxos nas datas próximas ao día da paz. Tamén poden suxeitarse tanto os debuxos coma os lemas con lapis ou varas, a xeito de cartel reivindicativo, ou pegarse en papel continuo para formar unha pancarta xigante que podemos exhibir nunha marcha pacífica o 30 de xaneiro.

Como colofón podemos compartir co noso alumnado o vídeo *Qué bueno* de The Kids Band. Un convite á paz e a convivencia pacífica que podemos cantar xuntos durante a marcha para celebrar o Día Escolar da Non-violencia e a Paz.



Podedes facer fotos do evento ou gravar un vídeo para elaborar unha nova para o blog ou o xornal do centro educativo.



ACTIVIDADE

ANEXO 1. MODELO: UNHA ALDEA FELIZ

